



# Boletín de Medio Ambiente



Felicidade no arquipélago ecuatoriano de **Galápagos**: despois de máis dun século, volveron a nacer en estado natural tartarugas na illa Pinzón, tras exterminarse con veneno ás ratas, nun proceso que obrigou a sacar do sitio aos gavilanes para esquivar a toxicidade.

Os expertos dispersaron desde un helicóptero, un veneno por toda a illa.

Fonte: ABC

## Noticias

**O Diario Oficial de Galicia publica o decreto que activará o órgano coordinador da Rede Galega de Reservas da Biosfera**

A función principal deste comité de coordinación será harmonizar a preservación da diversidade biolóxica e cultural destes territorios co seu desenvolvemento socioeconómico, buscando unha relación integral entre persoas e natureza.

Galicia conta con seis espazos naturais declarados reservas da biosfera pola Unesco e ten en marcha unha candidatura para que a Ribeira Sacra sexa a sétima

Fonte: DOG

**A cociña e os produtos de limpeza do fogar contaminan tanto como os coches?**

Nin no interior dos nosos fogares estamos a salvo da contaminación atmosférica si non tomamos as debidas precaucións. Algunhas prácticas culinarias e os traballos de limpeza do fogar -especialmente si levantamos polvo ou utilizamos determinados produtos químicos- poden xerar niveis significativos de partículas en suspensión e químicos volátiles, ata o punto de "alcanzar niveis similares aos de cidades consideradas moi contaminadas".

Esta é a principal conclusión dun estudo liderado por investigadores da Universidade de Colorado en Boulder (Estados Unidos).

Fonte: La Vanguardia

## Por que temos medo ás arañas?

De onde xorde a aracnofobia ou ese medo tan destacado ás arañas? Segundo un novo estudo levado a cabo por un equipo de científicos da Universidade de Columbia (EE.UU.) a clave deste pavor é produto da evolución do ser humano.

O traballo expón que nas etapas evolutivas máis temperás do ser humano, as arañas supuñan unha gran ameaza debido aos seus venenos tan potentes, á sutileza dos seus agochos e á forma de presentarse ante as vítimas; de feito, nos albores da evolución humana só aqueles que tiñan habilidades especiais para detectar este e outros tipos de animais, eran os que conseguían sobrevivir. Por iso é polo que o medo a esta clase de artrópodos acabase selado no noso ADN co paso do tempo.

“Os seres humanos estaban en risco perenne, imprevisible e significativo ante o encontro con arañas moi venenosas nos seus ambientes ancestrais. Mesmo cando non era mortal, a picadura de, por exemplo, unha viúva negra no mundo ancestral podería deixar incapacitado durante días ou mesmo semanas a un home, tempo no que se expuña a numerosos perigos”, explica Joshua New, líder do estudo.

Fonte: Muy Interesante

## Comienza el periodo de presentación de candidaturas al Premio Cataluña de Ecodiseño 2019

La finalidad del premio es reconocer los productos en el mercado y en desarrollo diseñados, fabricados o ejecutados en Cataluña que incorporen tácticas para mejorar su comportamiento ambiental a lo largo de su ciclo de vida

Fonte: Generalitat de Catalunya

## Como facer tellados con Tetrabriks reciclados?

Anualmente prodúcense no mundo ao redor de 188 billóns de envases. É unha cifra alarmante. Así que poder reciclar estes envases é unha gran alternativa que soluciona, aínda que sexa momentaneamente, un grave problema.

O sistema de fabricación de tellas usando envases de tetrabriks usados é o seguinte:

- O aluminio e o plástico fúndense para pasar despois a un proceso de secado.
- A continuación, cóbrense cunha película de plástico e se presan en quente.
- Logo, o polietileno se derrite adheríndose ao aluminio, formando desta maneira unha placa resistente.
- Cando aínda está quente, colócase no molde do azulexo. É aí onde adquire a forma de tella.
- Estas tellas están compostas de PET, aluminio, polinyon e polietileno

Fonte: EcoInventos

## Sabías que...

O abelleiro é unha rapaz que se alimenta de vespas e abellóns, preferentemente as súas larvas, que cría en zonas de clima tépedo e húmido, por iso só é posible vela pola cornixa cantábrica e o norte da península desde Galicia ao País Vasco e parte da costa catalá. Fonte: La Voz de Galicia

# Boas Prácticas

## Planta de recuperación de materiais de Sogama, Cerceda

Oito meses foron suficientes para que a empresa galega Valtalia, con enxeñería propia, construíse e equipase a nova planta de clasificación para os materiais contidos na bolsa negra (lixo convencional) que cada día producen os 294 concellos galegos adheridos a Sogama (o 94% do total). Innovación e vanguardismo, xunto con grandes doses de rigor, disciplina e esixencia, que fixeron posible que a Sociedade Galega do Medio Ambiente conte hoxe coa infraestrutura industrial das súas características máis moderna de Europa e unha das de maior entidade a nivel mundial.

O principal obxectivo da ampliación do complexo ambiental é *recuperar os materiais contidos no lixo convencional (bolsa negra) e susceptibles de ser reciclados*, operativa que se complementa coa elaboración, tal e como se veu facendo ata agora, dun Combustible Derivado de Residuos (CDR) a partir da fracción non reciclable, e apto para a súa valorización enerxética na Planta Termoeléctrica do Complexo.

Fonte: RETEMA

## O proxecto AGUAMOD expón os seus avances na xestión dos recursos hídricos no suroeste de Europa

AGUAMOD ten como obxectivo reforzar a cooperación dos xestores e usuarios dos recursos hídricos do territorio SUDOE a través do desenvolvemento e a aplicación de metodoloxías conxuntas.

Fonte: Interreg

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)

## O proxecto "Print Your City" utiliza residuos plásticos para construír mobiliario urbano impreso en 3D

Este proxecto explora a posibilidade de utilizar os residuos plásticos da cidade para construír un espazo público coa impresión 3D robótica e a participación dos cidadáns. A idea preséntase cunha instalación temporal dunha serie de pezas de mobiliario urbano impresos en 3D que están feitos de residuos plásticos domésticos e impresión 3D robótica.

Cada obxecto pode incluír un portabicicletas ou un mini ximnasio, unha maceta para árbores ou mesmo un tazón para a alimentación de cans ou unha librería.

Fonte: Revista de MA

## Axenda Ambiental

Change the Change. Conferencia Internacional de Cambio Climático. 06/03/2019 - 08/03/2019. San Sebastián, País Vasco.

SIGA 2019 desplegará una "intensa" agenda de jornadas técnicas junto a la I Conferencia Internacional del Agua

VIII Foro sobre a Xestión dos Residuos Industriais, Madrid 30/01/2019